HOUBO QUE ESPERAR ATA O FINAL PARA VER OS GOLES.

Partido no que os de Ares estiveron de novo negados co gol. Finalmente salvaron un punto grazas á colaboración do gardameta visitante.

Ares 15 de xaneiro de 2012.

ALINIACIONES:

NUMANCIA: Carlos Arnoso, Costa, Bule, Cesar (Martín 76´), Teti, García, Manu (Borja 89´), Javi Enrique, Jesús (Iván 73´), Rubén y Carlos Barcia (Juan 83´).

G. CARANZA: Víctor, Rafa, Quillo, Rober, Sergio (Oscar 76´), Israel, Aitor (Fran 78´), Juanillo (Quique 70´), Peli (Adrián 83´), Penano (Chechu 63´) y Oskitar.

COLEXIADO: Juan Carlos Fernández Martínez. Amoestou a Fran (adestrador) polo Numancia e a Oskitar, Penano e Juanillo polo Caranza.

GOLES:
0 – 1: Oskitar (min. 80).
1 – 1: Manu (min. 87).

Tarde desapracible, frío, chuvia durante case todo o partido, e sarabia ocasional, marcaron un encontro ao que restaron algo de público ao que adoita ser habitual en Prados Vellos. Unha forte sarabiada na primeira metade obrigou a suspender o partido durante cinco minutos.

Primeira metade caracterizada polas poucas ocasións de gol e na que o Numancia dispuxo das máis claras, pero unha vez máis os de Ares volven estar desacertados de cara a porta. Comezou con máis intensidade o Caranza, pero pouco a pouco o Numancia foi impoñendo o seu estilo de xogo e créoulle moitos problemas os ferrolanos. Aos quince minutos do seu inicio una xogada polémica dentro da área do Caranza foi moi protestada polos xogadores e público local que pedían un claro penalti que o colexiado non sinala. Sería no minuto 27, cando os de Ares dispoñerían da mellor ocasión para adiantarse no marcador, pero Rubén incompresiblemente envía por enriba do longueiro un balón en boca de gol. Tres minutos despois desta xogada, unha forte sarabiada sobre Prados Velos obriga o colexiado a parar o partido. O xogo estivo detido durante cinco minutos. O parón non afectou ao ritmo de xogo de ningún dos dous equipos que nada máis iniciada a reanudación volveron ao xogo intenso. Volvería ser os de Ares, nesta ocasión por medio de Javi Enrique quen de forte disparo dende

fóra da área obriga a Víctor a sacar o balón con moita dificultade. Coa primeira metade prácticamente rematada Juanillo finaliza unha xogada cun disparo frouxo que Carlos detén sen problemas, na que sería a única ocasión de perigo dos visitantes nesta primeira parte. Finalmente con empate a cero no marcador marchariamos aos vestiarios.

A segunda metade comezaba con moi bo ritmo e as primeiras ocasións non tardarían en chegar. Primeiro serían os de Ares cun disparo cruzado de Javi Enrique que se vai lambendo a base do pau. A réplica do Caranza chegaría na xogada seguinte cun forte lanzamento de Oskitar, tamén marcha fóra pegado á cruceta da portaría numantina. As ocasións fóronse sucedendo nunha e outra área. Presaxiábase o gol pero resultaba difícil saber en que portaría caería primeiro. Carlos tería unha boa ocasión nun balón solto, pero o seu forte disparo golpea no corpo dun xogador visitante na mesma liña de gol. Tamén o Caranza por medio de Peli desaproveitaría unha boa oportunidade nun man a man co porteiro local. O xogo era intenso e ningún de dous equipos botaba a toalla. Finalmente sería o equipo ferrolano nun contragolpe por banda dereita, que finaliza cun pase medido a Oskitar no segundo pau, baixa o balón e de media volea bate a Carlos, 0 - 1 cando corría o minuto oitenta. Mazada para os de Ares que se lamentaban das ocasións malogradas. Pero aínda quedaba partido. E a tres minutos do tempo regulamentario un disparo de Manu moi axustado á base do pau que o porteiro visitante deixa pasar, na crenza que o balón marcha fóra, supón o empate para os de Ares, 1 – 1. Un gol pouco vistoso e que colleu a todos por sorpresa, pero que facía xustiza ao equipo aresán. Aínda no tempo engadido os dous equipos loitaron pola vitoria, pero con máis corazón que cabeza, nuns últimos minutos de xogo á desesperada. Finalmente o marcador permanecería inamovible.

Ao final do partido Truji (adestrador do G. Caranza) deunos a súa opinión do partido: Partido bonito, tenso, moi igualado e con poucos goles. Na primeira metade o Numancia fíxonos moito dano coa intensidade do xogo, poñía o balón moi rápido en movemento, sorprendeunos dúas veces, e logo a balón parado e polas bandas meteunos moi debaixo da portaría. Tivemos sorte porque puideron adiantarse en dúas ocasións.

Na segunda parte corriximos cousas, de feito creo que o Numancia chegou en menos ocasións á nosa portaría. Nós tampouco tivemos moitas ocasións claras, pero si tivemos máis disparos a porta, sobre todo ao final do partido. Mesmo antes do gol tivemos unha, pero despois do gol tivemos quizais as dúas máis claras. Logo nunha xogada desafortunada, un disparo sen aparente perigo no que o noso porteiro peca un pouco de exceso de confianza, encaixamos o gol do empate. Un pau para o rapaz, pero que para nada embaza o seu labor no partido de hoxe, posto que tivo unha grande actuación en balóns e disparos moi complicados.

Creo que foi un partido bonito e moi intenso, cun resultado xusto. Calquera dos dous equipos puido gañar, aínda que a vitoria nunca debería ser por unha diferenza de máis dun gol.